


MEMORIA DE ACTIVIDADES



FOROESGAL
Foro pola Economía Social Galega

Santiago de Compostela, a 2 de decembro do 2024



FOROESGAL

Foro pola Economía Social Galega

QUE É O FOROESGAL

O Foro pola Economía Social Galega (ForoESGal) é un espazo de encontro entre entidades da economía social de Galicia, portavoz das súas demandas e propostas e un actor principal que favorece o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

Entre os seus obxectivos figuran o de visibilizar e representar a economía social ante a sociedade galega e ante o resto de axentes políticos, económicos e sociais e favorecer o desenvolvemento destas entidades a través da intercooperación e o acceso a procesos de contratación pública.

MISIÓN

O ForoESGal nace como unha iniciativa socio-empresarial representativa da economía social en Galicia, lugar de encontro das distintas familias que o compoñen e portavoz das súas demandas e propostas ao tempo que é actor principal para favorecer o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

VISIÓN

O ForoESGal é unha entidade de referencia no ámbito da economía social en Galicia con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios da economía social, fomentando a intercooperación entre as distintas familias que a compoñen, colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

VALORES

Os principios que rexen e enmarcan as actuacións do ForoESGal son os seguintes:

- a) Carácter aberto ás entidades que forman parte da economía social, en especial as súas entidades representativas e preferentemente ás que desenvolven unha actividade empresarial ou vencellada ao mercado, se ben a adhesión deberá ser aprobada formalmente polas entidades membro.
- b) Enfoque non partidario.
- c) Orientado a compartir obxectivos a prol da economía social e a desenvolver estratexias aprobadas democraticamente polos seus membros.
- d) Concibido como marco de cooperación con personalidade xurídica propia como asociación sen ánimo de lucro.
- e) Voluntario, manifestándose a solicitude de admisión mediante acordo ou adhesión expresa ao manifesto e documento base, debendo ser a adhesión aprobada formalmente tal e como se fai constar no apartado a).
- f) Flexible, tanto nos seus contidos como no seu funcionamento.
- g) Coordinado e relacionado con outros ForoESGal ou consellos onde se compartan obxectivos, tanto a nivel galego como estatal, así como con outros marcos de cooperación semellantes.
- h) Financiado mediante achegas monetarias ou en especie das entidades que formen parte, liñas de axudas públicas ou privadas, doazóns ou calquera outra fonte admitida en dereito e que non entre en contradición cos seus principios e valores.

Os valores que defende o ForoESGal, e que se lle demandan as entidades que forman

parte, son os propios da economía social:

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital.
- Xestión democrática, transparente e participativa.
- Cooperación entre as empresas da economía social.
- Promoción da equidade e da solidariedade interna e coa sociedade.
- Promoción da sostibilidade e a mellora ambiental.
- Reinvestimento de excedentes xerados en base á ausencia de ánimo de lucro.

ENTIDADES ASOCIADAS:

O ForoESGal aglutina ás entidades que conforman as organizacións máis representativas das diferentes familias empresariais da economía social en Galicia:

AEIGA: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia



AESGAL: Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia



AGACA: Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias



CEGASAL: Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro



ESPAZOCOOP: Unión de Cooperativas Galegas



ACTIVIDADES

Para a realización desta Memoria establécense tres obxectivos estratéxicos que ten o ForoESGal e dentro de cada un identifícanse e analízanse as actuacións realizadas.

Obxectivos:

1. Difundir e visibilizar a economía social perante a sociedade e os principais axentes económicos
2. Reforzar a presenza da economía social de Galicia nos foros europeos e estatais
3. Promover condicións para o desenvolvemento e impulso da economía social a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública

1. DIFUNDIR E VISIBILIZAR A ECONOMÍA SOCIAL PERANTE A SOCIEDADE E OS PRINCIPAIS AXENTES ECONÓMICOS

Os retos que afronta o ForoESGal baseáanse, principalmente, en ensalzar a economía social galega sendo alicerce da conxugación dos distintos sectores produtivos que acolle e as responsabilidades sociais que defende como o mantemento de empregos de calidade, a distribución da riqueza ou a implicación ca contorna, por exemplo.

Neste senso, asínase un convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Foro pola Economía Social Galega para visibilizar e fomentar a participación da economía social galega durante todo o ano 2024.

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia: *“Difusión e visibilización da economía social”*, mediante o desenvolvemento de accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, deseñáronse as seguintes accións e actividades:

1.1 Cafés con Aroma a Economía Social

FOROESGAL
Foro pola Economía Social Galega

ten o pracer de convidalo/a a unha nova edición dos:

CAFÉS CON AROMA A... ECONOMÍA SOCIAL

19 XANEIRO
DE 9 A 12H
HOTEL PUERTA DEL CAMINO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
2024

9h
Recepción

9:15h
Inauguración
D. Celso Gándara Corneiro
Presidente de FOROESGAL

9:30h
Relatorio
"Economía Social, o terceiro pilar da prosperidade dun país"
a cargo de D. Antón Costas,
Presidente do Consejo Económico e Social de España

10:30h
Relatorio
"Persoas, liderado, participación e futuro"
a cargo de D. Zigor Ezpeleta,
Director de Xestión Social do Centro Cooperativo de Mondragón

11:30h
Clausura
D^a Elena Rivo López
Conseleira de Promoción do Emprego e Igualdade

*Necesaria inscrición previa

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE | ucoga

CAFÉS CON AROMA A... ECONOMÍA SOCIAL

ZIGOR EZPELETA
Director de Xestión Social do Centro Cooperativo de Mondragón

Relatorio: "Persoas, liderado, participación e futuro"

CAFÉS CON AROMA A... ECONOMÍA SOCIAL

ANTÓN COSTAS
Presidente do Consejo Económico e Social de España (CESE)

Relatorio: "Economía Social, o terceiro pilar da prosperidade dun país"

CAFÉS CON AROMA A... ECONOMÍA SOCIAL

ANTÓN COSTAS
Presidente do Consejo Económico e Social de España

ZIGOR EZPELETA
Director de Xestión Social do Centro Cooperativo de Mondragón

ELENA RIVO
Conseleira de Promoción do Emprego e da Igualdade

CELSO GÁNDARA
Presidente de FOROESGAL



Antón Costas, presidente do Consello Económico e Social, falou en Santiago sobre o desafío de avanzar cara a unha economía máis democrática, máis repartida, máis inclusiva e máis sostible desde o punto de vista social e ambiental. Mentres que Zigor Ezpeleta, representante do Centro Corporativo de Mondragón, referente do cooperativismo desde fai máis de seis décadas ao englobar case un centenar de entidades desta índole que representan a 80.000 persoas, puxo o acento no factor humano e na influencia da economía social na contorna.

O evento foi inaugurado pola alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, que se comprometeu “a apoiar desde o concello un sector que consideramos vital, como é o da economía social”.

A conselleira de Emprego e Igualdade, Elena Rivo, fixo referencia, pola súa banda, “ás reformas postas en marcha en Galicia nos últimos anos para impulsar a economía social, un proceso que continuará” e puxo en valor a iniciativa do Foro pola Economía Social Galega, con quen amosou a vontade de seguir colaborando a prol do crecemento deste modelo económico e do emprego inclusivo:





1.2 Difusión da exposición da historia da economía social galega



O centro sociocultural Maruxa e Coralia de Santiago de Compostela acolleu a exposición “Economía Social no corazón da nosa historia”, organizada pola concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude do concello de Santiago de Compostela e o ForoESGal para darlle visibilidade a “un modelo que, alén das grandes cifras económicas, pón o foco na situación das persoas, a calidade do emprego, o uso responsable dos recursos ou o impacto ambiental”. Así o explicou a concelleira María Rozas, que visitou a mostra acompañada polo presidente do ForoEsGal, Celso Gándara, e doutros representantes das entidades de economía social de Galicia.

1.3 Día da Economía Social Galega



31 MAIO VENRES

Día da economía social galega 2024

Organiza: FOROESGAL Foro da Economía Social Galega

Patrocina: CIXA REAL GALEGA

Hotel NH Collection Santiago de Compostela

PROGRAMA

12h - **Café**

12.30h - **Inauguración**
D. José González
Conseleiro de Emprego, Comercio e Emigración

12.45h - **Benvida**
Presidencia de FOROESGAL

13h - **Mesa Redonda: "A economía social ante os vindouros retos legislativos"**
D^a. Marisa Esteve
Vicepresidenta de FARDEI e representante da mesma en CEPES (Confederación Empresarial Española de la Economía Social)

D. Ignacio Rodríguez
Presidente de AECEMCO (Asociación Empresarial de Centros Especiales de Empleo de COCEMFE)

D. Ángel Villafraña
Presidente de Cooperativas Agroalimentarias

D^a. Andrea do Luna
Coordinadora xeral de LABORPAR (Federación Empresarial de Sociedades Laborales y participadas de España)

D. Emilio Sampodro
Vicepresidente de COCETA (Confederación de Cooperativas de Trabajo Asociado) e presidente de CONCOVAL

14h - **Clausura**

14.15h - **Cóctel**

Inscríbete!
*antes do 24 de maio a través do formulario

O ForoESGal celebrou unha xornada de especial relevancia para todo o sector da economía social. Este encontro, que reuniu a máis de 150 persoas en Santiago de Compostela, foi unha oportunidade única para explorar e debater os inminentes cambios legislativos que afectan á economía social.



No centro da xornada, e tras as diferentes asembleas de cada unha das asociacións que conforman ForoEsGal, analizáronse as transformacións legislativas actualmente en

tramitación ou discusión. Expertos e especialistas do sector debullaron as claves destas normativas, abrindo un espazo de reflexión e diálogo. A economía social, sempre en movemento e adaptándose aos novos tempos, atopou neste evento un espazo idóneo para compartir coñecementos e estratexias.



Por outra banda, o Foro da Economía Social Galega anunciou, no marco desta xornada, a nova xunta directiva.

Fieis ao espírito de rotación e representatividade que caracteriza á organización este cambio simbolizou a continuidade e a renovación do seu compromiso con todas as familias que conforman a economía social galega.

O conselleiro de Emprego da Xunta de Galicia, José González, e o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, participaron no acto inaugural da xornada que se desenvolveu no Hotel NH Collection.

Este evento é unha referencia na axenda da economía social galega e unha oportunidade única para fortalecer lazos, compartir coñecementos e construír un futuro máis sostible e equitativo.



Foto: membros da nova xunta directiva do ForoESGal



“
A economía social non é só un concepto, é a visión integral do desenvolvemento que pon ás persoas no centro das nosas accións e decisións.

Mino Martínez
Presidente do ForoESGal





O conselleiro de Emprego, José González, que foi o encargado de inaugurar o evento central, anunciou que a Xunta volverá abrir un proceso participativo para a nova lei galega que rexerá as cooperativas “porque queremos acertar e apoiar o seu crecemento”. Mentres que o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou a aposta e a dotación do PERTE de

Economía Social “que mobiliza 1.700 millóns de euros para o sector e no que interveñen 10 ministerios”.



1.4 Día do Cooperativismo Galego



O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, participou en Nigrán no acto en conmemoración do Día do Cooperativismo Galego 2024, no que se recoñeceron as iniciativas premiadas no Certame Cooperativismo no Ensino e nos Premios á Cooperación 2024. O titular de Emprego felicitou aos premiados e defendeu a importancia do diálogo social e a unidade entre a Administración e os distintos axentes sociais e económicos para avanzar en ámbitos como o cooperativismo e a economía social co foco posto na dinamización do rural.

1.5 V Semana Universitaria da Economía Social




“O benestar das persoas” é a clave no éxito das empresas da Economía Social: así se puxo de relevo na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais compostelá, na inauguración da V Semana Universitaria da Economía Social, que presidiu o vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da USC, Gumersindo Feijoo, acompañado

pola conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, Elena Rivo; o decano da Facultade, Xoán Doldán e a directora do Centro de Estudos Cooperativos de Galicia (CECOOP), Maite Cancelo, así como pola vicepresidenta do Foro da Economía Social Galega, Carmen Rodríguez.

1.6 Propostas da economía social galega para as eleccións autonómicas

2024

Ante a cita electoral do 18 de febreiro, o ForoESGal presentou as súas prioridades e propostas ás Eleccións Galegas do 2024, consciente da relevancia de achegar aos debates electorais as respostas da economía social, aos retos sociais, económicos e ambientais da sociedade galega. Empresas de todos os tamaños, desde micro pemes a grandes grupos empresariais, presentes en todos os sectores económicos e líderes en moitos deles. O ForoESGal, sobre a base da súa experiencia como organización empresarial e interlocutor social representativos da Economía Social, presentou oito propostas aos partidos políticos que aspiraban á responsabilidade de gobernar o país:



1.7 Representación do ForoESGal en actos institucionais

- ❖ Asistencia á xornada “Plan integral de impulso a la economía social. ¿Nos juntamos para innovar?”



- ❖ Asistencia ao Acto de presentación EGAES H27



A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade organizou o “Acto de presentación da Estratexia Galega de Economía Social | EGAES H27” na Cooperativa Viña Costeira Val de Pereira en Ribadavia (Ourense).



❖ Asistencia ao “Evento brainstorming fondo de impacto social” – COFIDES



COFIDES reuniu en Bilbao aos principais axentes da economía social de toda España no taller “Impacto ao futuro desde hoxe”, onde se analizou e debateu sobre as experiencias, retos e solucións que achega o investimento de impacto.

COFIDES organizou este encontro en colaboración con Bizkaia Seed Capital, a Confederación Empresarial Española de Economía Social, (CEPES), a Asociación Española de Fundacións e SpainNAB para que profesionais de diferentes ámbitos da economía social e o investimento de impacto expoñan as necesidades financeiras que teñen as entidades que integran a economía social en España co fin de darlles resposta mediante o Fondo de Impacto Social (FIS).

❖ **Asistencia á clausura da IV edición dos Premios de Sostibilidade Empresarial de Galicia**



Xornada organizada pola Xunta de Galicia para convidar ao debate e para recoñecer as boas prácticas implantadas en materia laboral, ambiental e social, así como no fomento

da conciliación e da corresponsabilidade.

No acto, no que tamén estiveron presentes o presidente da Confederación Empresarial Galega e os máximos representantes das catro patronais provinciais, así como outras persoas destacadas do tecido económico galego, o conselleiro cualificou a sostibilidade empresarial como imprescindible na concepción actual do noso tecido produtivo. No eido laboral, destacou a crecente aposta polo emprego de calidade, pola formación, pola redución das taxas de absentismo ou pola igualdade entre homes e mulleres, cunha maior presenza feminina nos órganos de goberno.

❖ **Asistencia á presentación do XIV Informe de Estado da Pobreza en Galicia 2024**



O 17 de outubro, coincidindo co Día Internacional da Erradicación da Pobreza, EAPN Galicia, Rede Galega de Loita contra a pobreza e a exclusión social presentou o XIV Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2024, na Sede da Valedora do Pobo en Santiago de Compostela.

Este informe forma parte do XIV Informe “O Estado da Pobreza en España 2024” da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-España) que avalía o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, especialmente o ODS 1, que busca reducir á metade a pobreza en todas as súas formas.


❖ **Asistencia ao Acto de entrega das Medallas Emilia Pardo Bazán 2024**



A Xunta entregou as Medallas Emilia Pardo Bazán en recoñecemento das súas accións a favor da igualdade entre mulleres e homes aos tres institutos de investigación sanitaria de Galicia, á Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (Acadar) e a Rosa Celia Otero Graña.

O xurado distinguiu ao Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), ao Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INBIC) e ao Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IINGS) "por ser exemplos da incorporación das mulleres ao mundo da ciencia, xa que os tres están dirixidos por mulleres o que converte a Galicia en referente neste sentido".

❖ Participación no I CONGRESO GALICIA É ESS de REAS GALICIA



Espazo de debate, reflexión e creación colectiva que permita recoñecer e situar a Economía Social e Solidaria como un axente clave para unha transformación social, ambiental e económica máis xusta e equitativa.

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Difusión e visibilización da economía social*", concretamente, *impulsando as accións de comunicación dirixidas a incrementar e reforzar o acceso á información relevante sobre o sector por parte da poboación en xeral*, o ForoESGal promoveu a comunicación das accións desenvolvidas dende ForoESGal e incluso das entidades que a conforman dende as ferramentas das que dispoñemos: web e redes sociais, ademais da elaboración de notas de prensa relativas aos actos que vimos organizando e dos que os medios se están a facer.

Principalmente, o ForoESGal publicou nas contas en Facebook, Instagram, Twitter. Durante este ano, co fin de incrementar os seguidores nas redes sociais, así como dispor dunha programación de contidos, contratáronse os servizos externos de profesionais **(ver Anexo)**.

Por outra banda, contratáronse puntualmente os servizos dunha profesional para a elaboración de diversas notas de prensa e comunicación cos diversos medios de comunicación **(ver Anexo I)**.

2. REFORZO DA PRESENZA DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA NOS FOROS EUROPEOS E ESTATAIS

No ano 2024, o Foro pola Economía Social Galega (ForoESGal) consolidou a súa posición como interlocutor destacado no ámbito estatal e europeo da economía social. Somos socios da Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) e, por tanto, participamos activamente na súa Xunta Directiva. Desde ForoESGal consideramos esencial aliñar todas as nosas accións coas actividades de CEPES para xerar economías de escala que beneficien ás empresas galegas de economía social.

A través desta colaboración, reforzamos a importancia da representación e da actividade a nivel estatal e europeo, promovendo a visibilización da economía social galega e fortalecendo as relacións institucionais. Este esforzo responde ao PRIMEIRO compromiso do convenio coa Xunta de Galicia: *“Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos foros europeos e estatais”*, promovendo activamente a visibilización e o posicionamento da economía social galega en entidades representativas e organismos públicos. Durante este ano, destacaron as seguintes accións e iniciativas:

2.1 Participación no Informe “Evolución y Tendencias en el ámbito de la Economía Social 2025”

En xuño de 2024, o ForoESGal participou na elaboración deste informe, liderado por CEPES, unha ferramenta estratéxica para analizar a situación actual da economía social e identificar tendencias e retos futuros.



Este traballo da continuidade ao informe anterior de 2023 e será publicado en 2025, consolidando a perspectiva galega no panorama estatal. Ademais, o ForoESGal destacou ao incorporar as necesidades específicas do tecido empresarial galego, reforzando o vínculo entre a economía social local e as tendencias globais.

2.2 Asamblea Xeral de CEPES

O 6 de xuño, o ForoESGal participou na XXXII Asamblea General de CEPES en Madrid, representado polo presidente Mino Martínez, a secretaria Isabel Fraga, a vicepresidenta segunda Ana Olveira e o anterior presidente, Celso Gándara.

Durante o evento, Gándara foi recoñecido polo seu compromiso coa economía social galega e estatal, destacando a súa contribución a un ecosistema empresarial máis xusto e solidario.

Esta representación non só fortaleceu a visibilidade do ForoESGal, senón que tamén reforzou as relacións institucionais con outras comunidades autónomas.



2.3 Presentación HUB de Vanguardia da Economía Social

O 24 de setembro, o ForoESGal estivo presente no encontro da Xunta Directiva de CEPES coa vicepresidenta segunda do Goberno de España e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz, quen presentou o HUB de Vanguardia para a

Economía Social, aprobado no Consello de Goberno.

Este HUB constitúese como un centro de impulso e reflexión para as empresas da economía social, fomentando boas prácticas e a difusión do modelo. A presenza do ForoESGal neste evento subliña o seu compromiso co fomento da innovación e da sustentabilidade no sector.



2.4 Participación no FOCUS GROUP WeBuySocialEU

WeBuySocialEU é unha iniciativa da Comisión Europea para promover a Contratación Pública Socialmente Responsable (CPSR) en toda a Unión Europea coa cal CEPES e FOROESGAL está comprometida en súas actividades estatais.

Co obxectivo de incrementar o coñecemento e sensibilizar ás Administracións Públicas sobre as vantaxes da CPSR nos procesos de contratación pública, o pasado 2 de outubro, Isabel Fraga representou ao ForoESGal na “Sesión de formación sobre contratación pública socialmente responsable”, que incluía diversas actividades dirixidas ás organizacións e empresas da economía social. Isabel Fraga interveu como ponente na “Sesión de optimización do uso da contratación pública responsable a través da

economía social”, dentro da Mesa B.

Nesta intervención, destacou a importancia da *Comisión de Seguemento de Contratos Reservados da Xunta de Galicia*, unha ferramenta esencial para o control e o seguimento de contratos reservados, que conta coa participación activa de empresas de inserción, centros especiais de emprego de iniciativa social e administracións públicas.



WeBuySocialEU
Better Access to
Socially Responsible Public Procurement



SESIÓN DE FORMACIÓN SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA SOCIALMENTE RESPONSABLE

2 de Outubro de 2024, Madrid, (España), Formación en Español

Ubicación: "FOR TALENTO DIGITAL" - Calle de Fray Luis de León, 11, Arganzuela, 28012 Madrid

A Comisión de Seguemento foi resaltada como un exemplo pioneiro no conxunto das autonomías españolas, xa que promove a transparencia, a equidade e a colaboración entre os diferentes grupos de interese no ámbito da contratación pública. Durante a súa intervención, Fraga subliñou a eficacia desta ferramenta na creación de oportunidades para empresas de economía social e na consolidación de estratexias que permiten establecer diálogos estratéxicos coas autoridades públicas.

Os resultados desta sesión reforzaron as capacidades das entidades participantes para competir en procedementos estratéxicos, independentemente do seu tamaño. Ademais, adquiriron ferramentas transferibles que lles permitirán desenvolver elementos de escalabilidade e fomentar a colaboración entre empresas de diferentes tipoloxías dentro do sector. Este enfoque sitúa á Comisión de Seguemento de Contratos Reservados como un modelo replicable no resto das comunidades autónomas, consolidando o papel do ForoESGal como líder na promoción de boas prácticas e innovación no ámbito da contratación pública.

2.5 Celebración da Xunta Directiva de CEPES en Burela.

O 22 de outubro, Isabel Fraga participou na Xunta Directiva de CEPES celebrada en Burela, fortalecendo o protagonismo de Galicia na confederación e consolidando a cooperación entre o ámbito estatal e autonómico.

Este evento serviu, entre outros aspectos, como plataforma para compartir experiencias e identificar oportunidades de colaboración entre as distintas comunidades autónomas.



2.6 Contribución ao Anteproxecto da Ley Integral de Impulso de la Economía Social (LIES)

Ao longo do 2024, o ForoESGal desempeñou un papel destacado na elaboración de propostas e enmendas ao Anteproxecto da Ley Integral de Impulso de la Economía Social (LIES), aprobado en outubro polo Consello de Ministros. Esta normativa representa un paso significativo para modernizar o sector e responder ás necesidades emerxentes das empresas da economía social en España.

O ForoESGal traballou de xeito estreito con CEPES na elaboración dun documento de observacións e propostas, consensuado co sector, que recolleu as demandas máis urxentes e permitiu alinear o marco legal cos retos actuais. Este proxecto inclúe modificacións relevantes en tres normativas clave: a Ley de Cooperativas, a Ley de Empresas de Inserción e a Ley de la Economía Social.

Este proceso, no que o ForoESGal tivo unha participación activa, reflicte o compromiso continuo da entidade en garantir que as necesidades e demandas do sector galego se vexan representadas a nivel estatal. A implicación do ForoESGal foi esencial para asegurar que as peculiaridades da economía social galega quedasen recollidas na nova lexislación, marcando un antes e un despois na súa proxección estatal.

2.7 Celebración da Xunta Directiva ForoESGal

O 6 de novembro, o ForoESGal celebrou a súa Xunta Directiva en Santiago de Compostela coa participación de Juan Antonio Pedreño, presidente de CEPES. Durante esta reunión, analizáronse aspectos clave como o avance na tramitación da LIES, o HUB de Vanguardia para a Economía Social e as tendencias actuais do sector, así como outras cuestións estratéxicas de interese para a economía social en Galicia e a nivel estatal.



Posteriormente, Pedreño e outros representantes do ForoESGal visitaron o Consello Económico e Social de Galicia (CES), presidido por Manuel Pérez. Este encontro permitiu abordar os retos e oportunidades do sector, así como reforzar a colaboración institucional. Manuel Pérez subliñou a importancia do CES como unha plataforma clave para apoiar e promover a economía social en Galicia.

Durante a visita ao CES, destacou a relevancia da nova LIES como unha ferramenta esencial para modernizar o marco normativo e adaptar o sector aos novos tempos. Mino Martínez, presidente do ForoESGal, aproveitou a ocasión para salientar o papel da economía social como motor de desenvolvemento, xeración de valor e cohesión social en Galicia.

A combinación destas actividades reforzou o liderado do ForoESGal no sector e consolidou as súas relacións institucionais a nivel autonómico e estatal, fortalecendo as bases para un crecemento sostible e inclusivo no futuro.

6 NOVEMBRO DE 2024

Xunta Directiva do Foro pola Economía Social Galega

Coa participación de **cepes**

PROGRAMA

- 10.30 h | Celebración da Xunta Directiva. Cidade da Cultura.
- 12.30 h | Reunión co Presidente do Consello Económico e Social de Galicia e rolda de prensa a continuación. CES Galicia.
- 13.30 h | Xantar de traballo.
- 15.00 h | Despedida e peche.

Logos: **agaca**, **espazo coop**, **aeiga**, **Aesgal**

3. DESENVOLVEMENTO E IMPULSO DA ECONOMÍA SOCIAL

3.1 Reunión co conselleiro de Emprego

A reunión viu motivada polo interese da Xunta en avanzar con ForoESGal no fomento da economía social e na nova Lei de cooperativas co gallo de darlle un pulo á constitución destas entidades.

Neste novo encontro no marco do proceso de diálogo e de escoita activa aberto, tamén se abordaron cuestións como a contratación reservada, na que Galicia é referente traballando para que o sistema se implante tamén no eido privado

No encontro participaron a presidenta da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), Carmen Rodríguez; a presidenta da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga), Isabel Fraga; o presidenta da Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal), Eduardo Salido; o presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal), Herminio Martínez, e a presidenta da Unión de Cooperativas Galegas (Espazocoop), Ana Olveira.



3.2 Convenio de colaboración con Ilunion formación



ForoESGal acordou con ILUNION a súa participación en accións formativas sobre habilidades dixitais, impulsadas pola FUNDAE para eliminar a fenda dixital entre os seus traballadores/socios/cooperativistas.

A área de Formación de ILUNION e FUNDAE impartirán ata xuño de 2025 un total de 7 accións formativas en habilidades dixitais. Estarán dirixidas prioritariamente a traballadores de empresas e entidades del sector de la

Economía Social co obxectivo de eliminar a fenda dixital detectada neste ámbito.

A base do proxecto son 7 accións formativas, de 4 horas de duración, elaborados especialmente para o sector, sobre competencias dixitais en diferentes áreas: Ciberseguridade, Traballo colaborativo con ferramentas na nube , Mellora da produtividade con Microsoft 365, Problemas técnicos sinxelos nos dispositivos informáticos, Elaboración de contidos dixitais, Trámites coa Administración Pública mediante a asina dixital, e Tendencias actuais e futuras nel uso de tecnoloxías dixitais.

4. XESTIÓN DA ENTIDADE

O ForoESGal, é un instrumento das entidades representativas das diferentes familias da economía social. Tal e como se apunta nos seus obxectivos, busca a visibilización, representación sectorial, desenvolver o sector da economía social a través da intercooperación e a contratación pública responsable.

A súa organización interna resposta tamén a este obxectivos e por ese motivo conta con dous ámbitos:

a. Xunta Directiva: representación política

A través da presidencia e das dúas vicepresidencias, executáronse funcións de incidencia política. Ademais, os membros da Xunta Directiva ForoESGal son os encargados de supervisar ás distintas actuacións que se realizarían de cara a

un axeitado aliñamento estratéxico en xeral e dos obxectivos de incidencia política en particular. Ao longo de 2023 desenvolvéronse nove Xuntas Directivas.

Os xerentes das entidades asociadas conforman un órgano de asesoramento constante á Xunta Directiva e ademáis aos responsables do plan de actuación do ForoESGal.

b. Equipo técnico

Composto por unha codirección entre dúas entidades membro (Cegasal e Aeiga), un responsable económico e un responsable para xestión administrativa (Agaca) e unha responsable de comunicación.

Este equipo técnico, formado por profesionais das diferentes organizacións representativas, unifican experiencia e capacidade para a execución das diferentes accións e o mantemento da propia entidade.

A conformación desta forma organizativa responde a favorecer a integración tanto de persoal técnico, como de persoal directivo e representantes políticos da economía social. Esta é a base e o abono para xerar a intercooperación no sector da economía social.

Algunhas das principais accións levadas a cabo este ano ForoESGal:

1. Proceso de planificación anual e seguimento de cada un dos proxectos.
2. Dinamización da xunta directiva, equipo de xerentes e o equipo técnico.
3. Realización das obrigas contables, fiscais, xestión de cobros e pagos, así como o relativo a xustificacións.
4. Encargouse a realización de informes e estudos, para empregarse nas accións de incidencia política e como base para as comunicacións e posicionamentos públicos.

ANEXOS

1. Dossier de prensa
2. Dossier de RRSS

Abordarán los retos de la economía social

Antón Costas y Zigor Ezpeleta protagonizan el desayuno organizado por el Foro pola Economía Social Galega

La cuarta edición de los "Cafés con Aroma a Economía Social", organizados por el Foro pola Economía Social Galega (ForoESGal), traerá a Santiago de Compostela, este viernes, a Antón Costas y Zigor Ezpeleta.

REDACCIÓN 18 ENE 2024 cooperativas economía social pib-gallego Foro-pola-Economía-Social-Galega



PUBLICIDAD

Anuncios Google

Dejar de ver anuncio

¿Por qué este anuncio? ⓘ



Gracias

a nuestros clientes y empleados
por hacerlo posible



ForoEsGal alerta de riesgo de "intrusismo" en la economía social y pide a las administraciones más control y apoyo

El presidente del Foro pola Economía Social Galega (ForoEsGal), Celso Gándara, ha alertado del "intrusismo" de ciertas empresas que "se apropian" de la denominación de economía social. Por este motivo, ha pedido más apoyo de las administraciones para el control de las empresas que "solo persiguen un beneficio económico".

Última hora

- La cofradía de Burela (Lugo) cierra su centenario con el deseo de Planas de que se alcance un "200 aniversario"
- Sindicatos denuncian que Sanidade empeoró "unilateralmente" el acuerdo para la reducción de jornada

Satisfacción en ForoEsGal tras converter a economía social nun reto do Goberno Galego

- O presidente de ForoEsGal pide máis vixilancia para acabar co intrusismo no sector
- A segunda estratexia da economía social da Xunta destina 170 millóns ata 2027



G24.gal

27/01/2024 12:50

Última actualización 27/01/2024
13:32

